

Un proxecto avanza no uso da resina natural galega para aromatizar cosméticos



O Grupo Operativo RESFO é o responsable de desenvolver o proxecto.

Redacción

26/11/2024

Un proxecto busca desenvolver novos produtos derivados da resina natural galega para que sexan utilizados no sector dos pesticidas ou mesmo da cosmética. O **Parque Tecnolóxico de Galicia** (Tecnópole) acolleu este martes a **presentación dunha iniciativa destinada a potenciar a industria resineira galega** e mellorar a competitividade do sector.

A finalidade do proxecto, que desenvolve o Grupo Operativo RESFO (Resina, Fortalezas e Oportunidades de Mercado), é aumentar a rendibilidade dos montes galegos a través da **mellora do aproveitamento resineiro**, optimizando o proceso de destilación da resina natural de Galicia en envase pechado, situándoa como un produto de alta calidade.

Publicidade




Por outro lado, **determinarán a calidade da resina natural galega**, para o que levarán a cabo unha caracterización exhaustiva da mesma, identificando os atributos que lle confiren un valor diferencial no mercado global. Ademais, o proxecto inclúe o deseño de estratexias de promoción específicas para dar a coñecer as **vantaxes da resina** que se obtén en Galicia, fomentando a súa demanda tanto no eido nacional como no internacional.

Novos produtos derivados da resina, 100% naturais

O proxecto contempla así mesmo o desenvolvemento de novos produtos derivados da resina, que permitan substituír os derivados do petróleo en diversos sectores industriais. Así, preténdese valorizar a **trementina da resina no sector dos pesticidas ou como ingrediente base de aromatizantes en cosmética**, substituíndo compostos principais de orixe sintética e ofrecendo un produto 100% bio.

Publicidade



O plan, que acaba de poñerse en marcha, terá unha **duración de dous anos**. Busca impulsar a industria resinera galega, destacando as súas vantaxes competitivas e contribuíndo ao desenvolvemento sostible dos nosos montes.

Cooperación de empresas e institucións galegas



Estará coordinado pola **empresa coruñesa Foresin**, dedicada á consultoría e enxeñaría medioambiental, especializada en xestión forestal e no aproveitamento resinero. Participan ademais o Grupo para a Análise Empresarial da **Universidade de Vigo**; a empresa **Xagoaza Pinaster** (O Barco de Valdeorras), industria que transforma resinas naturais procedentes de bosques xestionados de maneira sostible; **Glecex**, firma biotecnolóxica especializada en extractos naturais para sectores como a alimentación, nutracéutica e cosmética, con sede en Tecnópole; e a **Fundación Cetemas**, centro tecnolóxico e forestal da madeira de Asturias. Cóntase ademais coa colaboración de **Enyiris Design Thinking Lab**, dedicada ao deseño e a programación, situada en Tecnópole.

O Grupo Operativo RESFO recibiu o apoio na última convocatoria de **Axudas para a Execución de Proxectos Innovadores dos Grupos Operativos** da Asociación Europea de Innovación, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) dentro do Plan Estratéxico da Política Agraria Común.
